

**PLAN ESPECÍFICO DE ACTUACIÓN QUE
GARANTA O ENSINO E APRENDIZAXE AO
ALUMNADO VULNERABLE, NUN
CONTEXTO NON PRESENCIAL**

CEIP PLURILINGÜE MOSTEIRO DE CAAVEIRO

A CAPELA

Seguindo as directrices da Resolución de 18 de febreiro de 2021, e coa finalidade de posibilitar a mellor atención educativa ao alumnado vulnerable no caso de que a situación por mor da COVID-19 requira pasar a un ensino nun contexto non presencial, débese favorecer a participación e contacto diario co seu grupo de iguais por medios telemáticos (plataformas dixitais como Edixgal, aula virtual,...)

O centro educativo realizará sesións de práctica e formación coas familias e co alumnado vulnerable, de igual xeito que se realizou ao comezo do curso co emprego das aulas virtuais.

A prioridade é conseguir que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal e social posible facilitándolles una educación adaptada ás necesidades de cada un/unha.

O plan deséñase cunha temporalización mínima de 14 días tendo en conta os seguintes aspectos:

- Planifícase un horario de atención ao alumnado, adaptando o horario presencial ao non presencial (horario espello). Se un alumno ou alumna conta con sesións de pedagogía terapéutica (incluído programa Arco), ou audición e linguaxe, realízase a atención posible coa colaboración da familia a través destes horarios de atención. O apoio directo tamén pode darse de xeito telefónico ou calquera outro medio de comunicación que se empregue habitualmente (Aula Virtual, Abalar móbil...).
- o Entre os obxectivos específicos de Audición e Linguaxe atoparíamos, entre outros, os seguintes: mellorar a competencia comunicativo lingüística do alumnado, traballar a correcta colocación dos órganos bucofonatorios para unha boa pronuncia da linguaxe ou aumentar a capacidade lectoescritora do alumnado que o precise.
- o Pola súa parte, entre obxectivos específicos de Pedagogía Terapéutica atopamos: afianzar os procesos psicolóxicos básicos e as funcións executivas, desenvolver as competencias clave e

mellorar o nivel curricular, traballar habilidades de regulación emocional ó dotar ó alumnado de técnicas de organización e estudo.

- En canto ó programa ARCO, o seu obxectivo é preparar ó alumnado para a súa promoción á ESO mediante o desenvolvemento das competencias clave e a mellora dos resultados académicos. Así como reforzar mediante apoios o uso de metodoloxías activas e participativas ó alumnado con especial dificultade nas competencias en comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, competencia aprender a aprender e competencias sociais e cívicas, ou que presente áreas non superadas en cursos anteriores
- Identifícanse os recursos para garantir o ensino virtual, actualmente non existe ningún caso no que o alumnado non dispoña do equipamento necesario, de ser o caso, realizárase una solicitude conforme ó procedemento establecido no seguinte enderezo <https://www.edu.xunta.gal/porta/familiasealumnado/medidas-coronavirus>
- Os equipos docentes de cada grupo/aula celebrarán reunións de coordinación atendendo ós seguintes aspectos (celebrárase unha primeira reunión o primeiro día de confinamento, outra ó remate do mesmo e cantas fagan falla, se é preciso):
 - Establecer pautas para o desenvolvemento de tarefas ou proxectos, axustar tempos de traballo, ofrecer apoios como organizadores, guías ou videotitoriais, etc.
 - Compartir información sobre o alumnado e facer unha valoración de logros e necesidades tanto a nivel grupal como a nivel individual, aportando indicadores de seguimento.

- Coordinar os plans de traballo, evitando a sobrecarga de tarefas.
 - Favorecer redes naturais de apoio no contorno en liña mediante traballo cooperativo entre iguais (parellas, pequenos grupos).
 - Teranse en conta as programacións didácticas e as adaptacións curriculares, é dicir, o currículo de cada neno/a.
 - Revisaranse as medidas de atención á diversidade ordinarias e extraordinarias. Por exemplo no referente á metodoloxía, tratarase de que o profesorado poña o acento nos contidos nucleares do currículo, centrándose nos aspectos de carácter máis instrumental, deseñando actividades de metaaprendizaxe, facilitando instrucións moi claras, dando pistas para que o alumnado busque información para realizar as tarefas, proporcionando recursos para que se autocorrixan, facilitando estratexias para a meta-avaliación,...
- Apoiarase á familia, facilitando mecanismos e ferramentas para mellorar o benestar emocional no posible período de confinamento, poñendo en orde a importancia das tarefas escolares.
 - Realizarase un seguimento ó alumnado evitando unha desconexión temporal ou o risco de abandono escolar.

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo que se aplicará correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.